



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA XOVES 7 DE XULLO DE 2022.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 419/2019, do 18 de xuño,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: xoves 7 de xullo de 2022.
- ➔ Hora: 10:00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 23 DE XUÑO DE 2022.
2. SOLICITUDE DE LICENZA PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DA VÍA PÚBLICA NO GARAXE UBICADO NO CALEIXÓN DO CASTRO Nº 1 FORMULADA POR DON JOSE LUIS BALIÑO.
3. RENOVACIÓN DO CONTRATO DE SEGURO PARA A EMBARCACIÓN DO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL MOSQUERA.
4. REGULARIZACIÓN DA PRIMA DO CONTRATO DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO.
5. CONTRATACIÓN PÓLIZA DE SEGURO DO VEHÍCULO CITROEN BERLINGO MATRÍCULA 8397 GFC.
6. CONTRATACIÓN PÓLIZA DE SEGURO DO VEHÍCULO PEUGEOT PARTNER MATRÍCULA 8153 HJM.
7. APROBACIÓN DOS PREMIOS DA XLI CARREIRA POPULAR DE PASCUA. CONCELLO DE PADRÓN.
8. DEVOLUCIÓN DE AVAL DE PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCION S.L, DAS OBRIGAS DERIVADAS DA ADXUDICACIÓN DA OBRA "SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO EN PEDROSO SUR (POS 2009)"; 2022/G006/000458
9. DEVOLUCIÓN DE DEVOLUCIÓN DE AVAL DE MANUEL FERREIRO BADIA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN DUNHA ESTATUA DE CAMILO JOSÉ CELA DE INSTALAR NO PASEO DO ESPOLÓN. 2022/G006/000459
10. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
11. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS REPARADOS SUSPENSIVAMENTE POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL.
12. ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 13/2022.
13. ANULACIÓN DO RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000481337 A DONA ELISA MILLARES VIGO, ANUALIDADE 2022 E LIQUIDACIÓN DO IMPORTE Á TITULAR CORRESPONDENTE, DONA DOLORES GROBAS SORRIBAS.
14. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira